

CONSELLERÍA DE SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS

PROCEDEMENTO RESOLUCIÓN DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO RESOLUCIÓN DE INSCRICIÓN
--	------------------------	------------------------------------

DATOS XERAIS OU DE IDENTIFICACIÓN

NOME DA ENTIDADE: ASOCIACIÓN DE EX-ALCOHÓLICOS "ADIANTE" DE AS PONTES		
C.I.F.: G15280837	Nº INSCRICIÓN: S-618-CO-223-L-00	
ENDEREZO: POBLADO DAS VEIGAS (ANTIGO AMBULATORIO)	LOCALIDADE: AS PONTES	
PROVINCIA: A CORUÑA	CÓDIGO POSTAL: 15320	TELÉFONO: 440498

Visto o expediente relativo á inscrición do ASOCIACIÓN DE EX-ALCOHÓLICOS "ADIANTE" DE AS PONTES no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

SUPOSTOS DE FEITO

Primeiro.- Pola Entidade en cuestión solicitouse o a inscrición no devandito Rexistro.

Segundo.- Polo ASOCIACIÓN DE EX-ALCOHÓLICOS "ADIANTE" DE AS PONTES aportouse a documentación esixida no artigo 5 do Decreto 95/94, do 8 de abril.

Terceiro.- Os fins e obxectivos do ASOCIACIÓN DE EX-ALCOHÓLICOS "ADIANTE" DE AS PONTES están contemplados dentro dos sinalados na Lei de Servizos Sociais, segundo se desprende da documentación obrante no expediente.

Vista a Lei 4/1993, do 14 de abril, de Servizos Sociais, o Decreto 95/94, do 8 de abril, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e demais normativa de carácter xeral aplicable.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Esta Dirección Xeral é competente para resolve-lo expediente en virtude do establecido no artigo 6 do Decreto 95/94, do 8 de abril.

Segundo.- Segundo o artigo 32, apartado 3, da Lei de Servizos Sociais, e o artigo 3 do Decreto 95/94, do 8 de abril, que establecen que tódalas Entidades Prestadoras de Servizos Sociais deberán estar inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, e que pola Entidade en cuestión se cumpren os devanditos requisitos.

Terceiro.- Na tramitación do expediente observáronse as normas que para o efecto establece o artigo 32, apartado 3 da Lei 4/1993, e o artigo 3º do Decreto 95/94, do 8 de abril e a Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

RESOLVO

Primeiro.- Practica-la inscrición do ASOCIACIÓN DE EX-ALCOHÓLICOS "ADIANTE" DE AS PONTES no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais ó cumpri-los requisitos esixidos no artigo 32 da Lei de Servizos Sociais, e o artigo 10 do Decreto 95/94, do 8 de abril, asignándoselle o número S-618-CO-223-L-00

Segundo.- Notifíquese ós interesados a presente resolución.

Contra a presente resolución poderá interperse, no prazo de un mes, recurso ordinario perante o Excmo. Sr. Conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais.

Santiago de Compostela, a 18 de outubro de 1994.

O DIRECTOR XERAL DE SERVIZOS SOCIAIS

Asdo.: Manuel Aguilar López

